



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día trece de outubro de dous mil once, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA TRECE DE OUTUBRO DE DOUS MIL ONCE.

José Luís Maceda Vilaríño
Manuel González Moreira
Ricardo Rodicio González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día trece de outubro de dous mil once, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilaríño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia tres, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello. Non comparece o Concelleiro José Luís Rodríguez Franco.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día cinco de outubro de dous mil once.

2º.- CONTA DE GASTOS.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a seguinte relación de gastos efectuados polo Concello, propoño á Xunta de Goberno Local a súa aprobación.

Razón Social	Texto	Importe	
Álvarez Blanco Maria Carmen	52 horas talleres programa conciénciate	1.414,14	1.414,14
Ascensores Enor S.A.	Servizo conservación ascensor casa cultura mes out	149,07	149,07
Autoservicio Único Ro-El-Ma	3 botes matamoscas a reintegrar a Manuel González	16,80	16,80
Chuzos S.L.	Tarxeta color 5 unidades	10,00	10,00
Codisoil S.A.	Gasóleo vehículos municipais	2.055,30	2.055,30
Corporación Mph Servicio de	Servizo de prevención riscos laborais dende o 13/1	112,93	112,93
Correos y Telégrafos S.A.	Franqueo mes setembro 2011	149,84	149,84
Ferca Lugo S.L.	Reactancias iluminación pública	929,37	929,37
Ferretería Dávila S. L.	Diverso material fontanería para reparacións	611,91	611,91
Gas Natural S.U.R.	Recibo enerxía eléctrica colexio	293,45	293,45

<i>Razón Social</i>	<i>Texto</i>	<i>Importe</i>	
<i>Moleskine S.L.L.</i>	<i>Diverso material oficina</i>	<i>205,11</i>	<i>205,11</i>
<i>Pérez Vega Ángel</i>	<i>Trofeo cristal trial a canteira 2011</i>	<i>46,02</i>	<i>46,02</i>
<i>Prefabricados Monforte S.L.</i>	<i>129 Kg. de ferralla conformada para construír</i>	<i>129,39</i>	<i>129,39</i>
<i>Sarriana De Extintores S.L.</i>	<i>Revisión central de incendio, extintores e outros</i>	<i>316,24</i>	<i>316,24</i>
<i>Sogama</i>	<i>Tratamento de residuos sólidos urbanos mes setembro</i>	<i>2.732,86</i>	<i>2.732,86</i>
<i>Solred S.A.</i>	<i>Gasolina vehículos municipais mes setembro 2011</i>	<i>933,71</i>	<i>933,71</i>
<i>Suministros Gallegos S.L.</i>	<i>Aluguer de puntal, chaveta, bulón e chapa</i>	<i>73,35</i>	<i>73,35</i>
<i>Supervisión y Control (I.T.V.)</i>	<i>ITV vehículo motobomba matrícula C5443BB</i>	<i>55,90</i>	<i>55,90</i>
<i>Talleres Emabe S.L.</i>	<i>Reparación rozadoira de mano Still</i>	<i>56,10</i>	<i>279,97</i>
	<i>Reparación tractor municipal matrícula LU103607VE</i>	<i>223,87</i>	
<i>Telefónica Móviles España S.A.</i>	<i>Recibo 11 liñas de teléfonos móbiles</i>	<i>380,46</i>	<i>380,46</i>
<i>Total</i>			<i>10.895,82</i>

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

3º.- LICENZAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude da interesada, a autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, a da Deputación Provincial de Lugo, e o informe do técnico municipal propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar á Asociación de Veciños O Piñeiro de Castroncelos con N.I.F. G-27.351.063 representada por Dña. Pilar Pérez Ayán con D.N.I. número 34.257.264-Y para a construción dun muro de contención en pedra no campo da festa de Castroncelos na marxe dereita do P.K. 2 do C.P. 4709, "da LU 653 por Castroncelos á C.P. 4710" (parcela 723 do polígono catastral 35).

2.- Na execución das obras se dará estrito cumprimento ás condicións establecidas no informe do técnico municipal e nas autorizacións da Deputación Provincial de Lugo e da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia.

3.- Non autorizar o recheo con formigón polas razóns expostas na resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia.

4.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo do importe da liquidación por catrocentos cinco euros con corenta e catro céntimos (405,44€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude da interesada e o informe do técnico municipal propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Non autorizar a D^{na}. Dosinda Castro Dapresa con D.N.I. número 34.145.808-P para a construción dun alpendre de 36 m². na Pobra do Brollón (parcela 291 do polígono catastral 64) polos motivos que se indican no informe citado.

2.- Aprobar a liquidación de taxas por importe de corenta e seis euros con noventa e catro céntimos (46,94€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude do interesado, a resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o informe do técnico municipal propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Non autorizar a D. José Luis Álvarez Defente con D.N.I. número 34.258.101-S para o peche dunha finca no lugar de Abelaira, parroquia de Vilachá (parcela 51 del polígono catastral 52) polas razóns indicadas na resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia.*

2.- *Aprobar a liquidación de taxas por importe de noventa e tres euros con oitenta e oito céntimos (93,88€) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e trinta e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a tres de novembro de dous mil once.

v. e pr.

O Alcalde,



